



Santiago, febreiro de 2015

Estimados/as compañeiros/as:

O pasado mes de decembro celebrouse unha reunión da Comisión de Medio Ambiente co obxecto de examinar a situación do Sector Ambiental no noso país. Transmitímosvos as súas conclusións, que revelan un estado de cousas realmente alarmante:

- A Comunidade Autónoma de Galicia atópase notablemente desamparada fronte á protección ambiental obrigatoria recollida na lexislación vixente. Na actualidade non se está velando na medida necesaria polo cumprimento da normativa ambiental estatal e europea.

- Este incumprimento legal está a derivar nun preocupante desuso dos estándares de sostibilidade e cambio climático que lideran o xiro das políticas europeas nos últimos tempos, dándose carta branca á destrución dos valores ambientais e socioculturais de Galicia. A desprotección continuada de ditos valores na nosa comunidade obsérvase, entre outros, na ausencia de desenvolvemento, actualización e realización dos plans de recuperación e conservación, tanto de espazos protexidos como das especies con algún réxime normativo de protección.

- E, o máis preocupante, esta carencia non se debe á falta de profesionais no sector en Galicia, ou á falta de dotación económica nos departamentos de sostibilidade e medio ambiente das compañías que operan no noso país, senón máis ben ao desleixo administrativo. Nos últimos anos viñéronse rebaixando notablemente, por parte dos órganos da Xunta de Galicia, as esixencias de cumprimento legal no referido a aspectos ambientais, non por ausencia de normativa de referencia, senón por incumprimento das obrigas das consellerías implicadas como órgano substantivo e ambiental nos diferentes proxectos (Consellería de Economía e Industria, Consellería de Medio Rural e do Mar, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) que están esquecendo que as empresas deben cumprir cunha lexislación ambiental estrita aplicable ás infraestruturas que explotan na nosa terra.

- Así, por exemplo, algúns promotores e operadores eléctricos, incluso grandes multinacionais, están reducindo as vixilancias ambientais por debaixo do establecido nas declaracións de impacto ambiental dos seus parques eólicos, declaracións que están obrigadas a cumprir de por vida. Incluso se ten chegado a abandonar por completo estes plans de vixilancia ambiental, co conseguinte menosprezo á lexislación vixente en materia ambiental. Nótese que este caso se está producindo pola ausencia total de seguimento dos informes que elaboran anualmente estas compañías, supervisión que recae no órgano substantivo, é dicir, na Consellería de Economía e Industria.



- Este incumprimento levaría a importantes sancións económicas, segundo se especifica na lexislación correspondente. Para o exemplo anterior, sería considerada como “infracción grave”, tipificada na Lei 21/2013, de avaliación ambiental, con multas de ata 240.000 €.

- É importante insistir en que é a Administración Pública a responsable final do control do cumprimento dos condicionantes medioambientais que se impoñen ás empresas para a realización das súas actividades e a defensa do interese público, e é por iso que non debe mirar a outro lado nin ceder nas súas funcións de control e supervisión. Non debe esquecerse que son as propias consellerías quen impuxeron ditos condicionantes, e non se entende que agora sexan elas mesmas as que os están obviando.

- Os órganos oficiais da Xunta, a través dos seus máximos responsables, están permitindo a redución dos niveis de protección ambiental. Deliberadamente ou non, estas decisións erróneas están levando aos operadores e promotores das infraestruturas implantadas na nosa Comunidade, a prescindir de numerosos contratos con empresas galegas. No seu lugar, e dada a falta de control administrativo ao respecto, ditos contratos estanse derivando a empresas foráneas con pouca ou ningunha experiencia no noso territorio. Estas empresas conseguiron introducirse con custos por debaixo do mercado, e non por ter unha xestión economicamente máis eficaz e eficiente, senón por reducir intencionadamente o alcance dos seus traballos, moitas veces incluso por debaixo do acordado nos contratos formalizados entre ambas partes. Ademáis, estes traballos viron notablemente mermada a súa calidade e fidelidade á situación real.

- En consecuencia, son moitos os postos de traballo que se perderon, postos que será moi difícil recuperar e que supuxo para moitas empresas e profesionais danos irreparables.

- Todo iso sen esquecer a infrutuosa elaboración do Catálogo Galego de Especies Ameazadas, un documento que debería ter suposto un punto de inflexión nas políticas de conservación e que, sen embargo, apenas tivo consecuencias. Desde a súa publicación no Diario Oficial de Galicia en maio de 2007, son nulos os avances na súa finalidade primordial: a conservación da biodiversidade autóctona. Esta situación, ademáis de ter suposto a perda de case 8 anos para a nosa Comunidade en materia de medio ambiente, é unha oportunidade desaproveitada para dar emprego a uns 300 profesionais do sector.

- Segundo estimacións, nos últimos 5 anos perdéronse, só en Galicia, uns 1.500 postos de traballo vinculados directamente a esta falta de compromiso coas políticas vixentes de sostibilidade e cambio climático. E son outros 500 os que están en risco de desaparecer nos 2 próximos anos se non hai un cambio drástico ao respecto.



**Colexio Oficial  
de Biólogos  
de Galicia**

Á vista destes graves feitos, a Xunta de Goberno decidíu enviar ás consellerías implicadas un escrito poñéndoos de manifesto e solicitar entrevistas cos seus titulares para reclamarlles o cumprimento da lexislación vixente. A FEGAMP tamén será informada ao respecto. Posteriormente levarase aos medios de comunicación esta situación e aproveitando as redes sociais, multiplicar o efecto informativo.

Outro tipo de accións como a esixencia de colexiación aos licenciados en Bioloxía responsables de proxectos e estudos e a reclamación de expedientes para comprobar a identidade dos seus asinantes están tamén previstas. Ao poñer no voso coñecemento estes feitos, aproveitamos para solicitar a vosa colaboración formando parte activa da Comisión, na que podedes inscribivros mediante correo electrónico ([comisions@biologosdegalicia.org](mailto:comisions@biologosdegalicia.org), indicando no Asunto: Alta Comisión Sector Ambiental e o voso nome e número de colexiado/a no corpo da mensaxe) a fin de participar nas vindeiras reunións que se convocarán.

**É necesaria a axuda de todos os afectados directa ou indirectamente por esta situación para poder revertila.** Agradecemos as vosas achegas neste esforzo colectivo.

A Xunta de Goberno